

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA ONCE DE MAIO DE DOUS MIL NOVE.

No Concello de Lán cara, sendo as doce horas do día once de maio de dous mil nove, reúnese no Salón de Sesións o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. Arturo Sobrado Castro, D. José Manuel García Aldegunde , D. Celestino Rodríguez González, D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz , D. Eladio Capón López, D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez , D. Andrés Manuel Caballero López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Dario A. Piñeiro López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia , dáse conta dos seguintes asuntos:

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2009 E 08 DE MAIO DE 2009.

2º.- SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS “ELECCIÓN PARLAMENTO EUROPEO”.

3º.-CENTRO MEDICO:

-DECLARACION DE OBRA NOVA DO CENTRO DE SAUDE DE LANCARA ,EN POBRA DE SAN XIAO.

- ALTA NO INVENTARIO MUNICIPAL, DO CENTRO DE SAUDE DE LANCARA ,EN POBRA DE SAN XIAO.

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2009 E 08 DE MAIO DE 2009.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil nove, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes a dita sesión .

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día oito de maio de dous mil nove, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes a dita sesión .

2º.- SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS “ELECCIONS PARLAMENTO EUROPEO”.

Sorteados os membros de mesas a través do programa de ordenador facilitado por Wurth, saíndo eleixidos os 54 membros das 6 mesas electorais, a razón de 9 por mesa, Presidente e dous vocais titulares, máis dous suplentes por cada posto, facendo un sorteo complementario, para o caso de ter que nomear novos suplentes, sempre que algun dos postos quedase sen membros por exclusión das pesosas designadas.

O Pleno por unanimidade dos asistentes,

ACORDOU:

1º.-Ratificar o resultado do sorteo realizado ó consideralo totalmente axustado a dereito.

2º.-Remitir á Xunta Electoral de Zona a relación de membros das mesas.

3º.-CENTRO MEDICO:

-DECLARACION DE OBRA NOVA DO CENTRO DE SAUDE DE LANCARA ,EN POBRA DE SAN XIAO.

- ALTA NO INVENTARIO MUNICIPAL, DO CENTRO DE SAUDE DE LANCARA ,EN POBRA DE SAN XIAO.

Visto que o Centro de Saude de Lán cara en Pobra de San Xiao, foi construído na parcela urbana propiedade do Concello, cedido para esta finalidade por D. Julio Iglesias Rodríguez, sita na Rúa Rosalía de Castro, inscrita a favor deste Concello, no Rexistro da Propiedade de Sarria : folio :155, tomo :341,libro :57,con referencia catastral :27009000043960.Sendo construído durante os anos 1.996 e 1.997, tendo un valor , ó día de oxe, segundo informe da Aparelladora Dª Mercedes Maseda Martínez total de 258.468,00 €(solo 20.930,00 €e construción 237.538,00 €).

Visto que a Comisión de Goberno do Concello de Lán cara en sesión celebrada o día 17 de xuño de 1996, acordou conceder a licenza de obra para a “Construción do Centro de Saude de Lán cara en Pobra de San Xiao”. Obra que executou o Servizo Galego de Saude, tendo un orzamento de execución material de 29.823.944 Pts. E de execución por contrata de 42.552.803 Pts.

Visto que a obra foi recibida polo Servizo Galego de Saude o día 09-05-1997.

Visto que a construción debe ir incorporada ó solo.

Visto que este inmovible debe darse de alta no Inventario de Bens como “Ben inmovible de carácter patrimonial ascrito a finalidade de atención médico sanitaria”.

Vista a valoración feita pola Técnico Municipal Dª Mercedes Maseda Martínez.

O Pleno por unanimidade:

ACORDOU:

1º.-Dar de alta no Inventario de Bens da Corporación o Centro de Saude de Lán cara, en Pobra de San Xiao, como “Ben inmovible de carácter patrimonial ascrito a finalidade de atención médico sanitaria”, coas seguintes características :

Metros construídos: 458,495 m2,

Plantas: unha (planta baixa)

L indeirose :Norte: Rúa Rosalía de Castro; Sur: Terreno Concello; Este: Rúa Ramón Piñeiro e Oeste : Herederos de José Cabrera.

Divisións: Distribuidor central que alberga as salas de espera das consultas .
Laterales: Consultas médicas, servizos e recepción.

Segundo plano de proxecto que sirvió de base para a execución da obra.
2º.-Facer declaración de obra nova e dala de alta no Rexistro da Propiedade en Sarria. Tendo esta obras as seguintes característica e lindeiros:

Metros construídos: 458,495 m²,

Plantas: unha (planta baixa)

Lindeiros :Norte: Rúa Rosalía de Castro; Sur: Terreno Concello; Este: Rúa Ramón Piñeiro e Oeste : Herederos de José Cabrera.

Divisións: Distribuidor central que alberga as salas de espera das consultas .

Laterales: Consultas médicas, servizos e recepción.

Segundo plano de proxecto que sirvió de base para a execución da obra.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as trece horas dez minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.